

## Da escritura e da revolución na narrativa de Méndez Ferrín\*

*Carmen Blanco*

Cara a un futuro noso, de pólvora e cristais liberados  
X. L. Méndez Ferrín

Los habitantes de Ficticia somos realistas  
Juan José Arreola

**R**esulta evidente que boa parte da narrativa ferriniana ten unha clara inspiración política e que moitos dos temas clave do pensamento ideolóxico da esquerda e do nacionalismo están presentes nela. Neste sentido podemos dicir que a preocupación crítica e revolucionaria polos problemas de Galicia -e por extensión, do mundo- é unha das grandes teimas da prosa de ficción de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Dita constante é de raíz vital, tal como explica o propio autor a Víctor F. Freixanes e a Xosé M. Salgado / Xoán-M. Casado:

Eu púxenme a escribir non por escribir, senón por escribir en galego; púxenme a escribir con estricteza conciencia patriótica (...). Veleiquí cómo o inicio do escritor é o inicio dunha actividade política. Ambalás dúas son inseparables. A miña era unha posición política dende aquel primeiro intre, e daí xa non podes saír porque forma parte da túa vida.

E a verdade é que eu me puxen a escribir por influxo galeguista; non me puxen a escribir por vocación literaria. Aínda que a tiña, a miña vocación era cara ás ciencias naturais, e, concretamente, cara á zooloxía<sup>1</sup>.

E, ademais, este fondo arraigo da vivencia política na personalidade do autor é o que fai que a mesma funcione como un fructífero detonante da explosión creativa e dea así lugar á conformación dun peculiar e coherente mundo narrativo. Non estamos, pois, como ocorre tantas veces, ante unha superposición ideolóxica forzada que envolve un conxunto no que subxace unha compoñente ben distinta e desharmónica co seu envoltorio. Tampouco nos encontramos ante o caso da "literatura panfletaria", absolutamente mediatizada pola política e ao servizo exclusivo dun fin extraliterario.

---

\* Este estudio, que forma parte dun traballo máis extenso sobre escritura e revolución en Ferrín, foi redactado inicialmente en 1983 e agora revisado para actualizalo bibliograficamente.

1. Víctor F. Freixanes, *Unha ducia de galegos*, Vigo: Galaxia, 1976, p. 235; Xosé M. Salgado / Xoán M. Casado, *X. L. Méndez Ferrín*, Barcelona: Sotelo Blanco, 1989, p. 56.

O carácter persoal e inorgánico da escrita ferriniana tamén foi aclarado polo mesmo escritor:

A miña literatura tampouco é unha literatura que se poda decir que esteña conectada co proceso colectivo deste país, coas súas reivindicacións políticas, cáseque nunca tratéi de lle dar esta sñificación. *A miña literatura sempre foi unha actividade moi persoal*<sup>2</sup>.

Pero a salvidade “cáseque nunca” da cita fai sen dúbida alusión ás obras que aproveitan a dimensión estética do panfleto, que, naturalmente tamén a pode ter. No caso concreto da narrativa este aspecto aparece explicitamente na novela curta *Retorno a Tagen Ata* (1971) e en certos contos de *Crónica de nós* (1980). Ambas obras poden lerse -ademais doutras moitas maneiras- como simples libelos, e, sobre todo na segunda, non deixa de estar presente a provocación característica do panfleto. Imos ver estas mostras de relatos reivindicativos, excepcionais no conxunto da narrativa do autor.

*Retorno a Tagen Ata* ten como tema central o enfrontamento entre a postura política reformista e a revolucionaria, con respecto á cuestión nacional, ou se se quere, entre o posibilismo e a utopía. Pero a parábola da obra pode interpretarse, no seu sentido máis concreto e intervencionista, como un alegato a favor da alternativa nacionalista radical da *Unión do Pobo Galego* (partido fundado en 1964) e como unha denuncia da política reformista levada a cabo polos galeguistas artellados en torno á Editorial Galaxia (creada en 1950). Así foi interpretada por unha boa parte dos lectores no momento da súa publicación, chegando mesmo, nalgúns casos, a apurar o fío da concreción ata a identificación de personaxes e situacións da ecuación con outros da nosa realidade galega: o personaxe da maximalista Rotbaf Luden foi visto como un trasunto literario do propio autor e o seu contrapunto posibilista, Ulm Roam, como unha encarnación do escritor e político Ramón Piñeiro. Mais, se ben é posíbel esta inmediatez, que mentes necesitadas de apoiaturas tan férreas como simples propagaron como única, especialmente no tocante a Ulm Roam, tamén resulta evidente que, da mesma maneira, poderíamos facer encaixar as pezas en múltiples conxunturas semellantes, tanto galegas como universais, especialmente europeas<sup>3</sup>. A cita seguinte fálanos claramente destas varias posibilidades espacio-temporais, aínda que, por suposto, tamén sexa factible a referencia á política do galeguismo do interior durante os anos que seguiron á morte de Castelao:

Non hai xa I. T. A. Era unha sociedade maximalista, utópica. Estamos cansos, moi cansos. Terra Ancha prepara unha Lei Autonómica pra Tagen Ata. Recoñécenos a Líncoa. Administraremos as obras públicas e o insino. É o final da loita.<sup>4</sup>

Se na obra devandita a crítica política aparecía dunha maneira parabólica e implícita, en *Crónica de nós* sen abandonar o estilo parabólico, encontrámonos cunha

2. Freixanes, *op. cit.*, p. 236.

3. O propio autor aclara a súa pretensión de ambigüidade nese “panfleto literario” que é, para el, *Retorno a Tagen Ata*. Vid. Salgado / Casado, *op. cit.*, pp. 212-215.

4. Xosé Luís Méndez Ferrín, *Retorno a Tagen Ata*, Vigo: Castrelos, col. O Moucho, 1971, p. 35.

forte presenza da sátira directa e as alusións concretas á realidade galega do presente século<sup>5</sup>. Efectivamente, nalgúns destes contos é onde Ferrín utiliza ao máximo os recursos do estilo panfletario e as técnicas da diatriba política, tradicionais desde as *Filípicas* de Demóstenes e Cicerón ata *A miseria da filosofía* (1847) de Karl Marx. De entre todos estes recursos destacan no libro que nos ocupa, por unha banda, o emprego da caricatura, e, pola outra, a construción dun discurso subxectivo embebido de entusiasmo patriótico e de inspirada xenreira a todo o que teña o mínimo ar contra-revolucionario desde a perspectiva ideolóxica adoptada.

O conto "Odiado Amado" volve ao escenario da mítica *Tagen Ata*, situándose no seo mesmo da Irmandade, organización que conduce as arelas revolucionarias da nación asoballada. Neste marco desenvólvese o tema da paixón polo poder e da conversión dun partido político minoritario e de vangarda nun partido de masas. As alusións á U.P.G. e, salvando as anécdotas literarias, aos que foron os seus dirixentes desde 1976, están ben claras. De tódolos xeitos, a parábola é válida para outras situacións paralelas producidas no interior dos partidos políticos que se rexen segundo o modelo establecido polo marxismo-leninismo e, aínda incluso, no funcionamento interno de todo partido ou grupo político. Pero naquela lectura máis pragmática o relato convértese nunha denuncia do cambio de rumbo que lle foi imprimido a dita organización nacionalista nos tempos da transición política, tras a morte do xeneral Franco:

Certamente cando albiscaches, ben instalado e afirmado en cumios e corredores burocráticos da Irmandade, que a Gran Cariátide íase e estaba a vir unha legalidade con sitio pra ti moi á luz e alto, quixeches ser tanto coma papai militar, fillo de sete lobas traicioneiras, e comenzaches a estudar a obra de Ulm Roam, aquel teu precursor de corpo enteiro. Tratábase de aceptar a democracia de Terra Ancha, renunciar á guerra popular revolucionaria, arriar as vellas bandeiras de independencia e de maximalismo<sup>6</sup>.

Da mesma maneira, a narración devén nunha diatriba do antisovietismo, do populismo e do burocratismo e, salvando o paradoxo, acaba converténdose nunha crítica do denominado sistema estalinista. Neste sentido resulta moi significativo o seguinte párrafo:

Sustituiches a clase pola patria, a patria pola Irmandade, a Irmandade pola túa persoa, a análise racional pola paráfrase interminábel dos esquemas que che legaran os fundadores<sup>7</sup>.

A historia de amor imposible "Morrer en Laura" fai unhas calas na Galicia de 1945 e na de 1977. No interior dun discurso narrativo de aparencia obxectiva é posible ver a belixerancia política que envolve o conxunto do

5. O mesmo Ferrín confirma o carácter de crónica da Galicia contemporánea que ten o libro. *Vid.* Salgado / Casado, *op. cit.*, p. 241.

6. Xosé Luís Méndez Ferrín, *Crónica de nós*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1980, p. 35.

7. *Ibid.*, p. 38.

libro<sup>8</sup>. Nunha lectura deste tipo, o conto resulta ser unha denuncia do reaccionarismo de Vicente Risco e do círculo ourensán creado na postguerra en torno á súa figura, así como unha defensa da *Unión do Pobo Galego* -liña proletaria (partido fundado en 1977 por exmilitantes da vella organización do mesmo nome). Ao mesmo tempo e de maneira moito máis concreta, hai unha denuncia dos métodos violentos empregados pola U.P.G. contra os compoñentes desa súa nova filla máis radical, tal como se pode ver na literaturización das reais agresións físicas das que foron obxecto militantes dese signo, como a histórica Carmiña Graña o Día da Patria de 1977:

Fronte ao Derby, unha banda exaltada agrade a unha moza loira e ós seus compañeiros, portadores dunha pancarta que pide independencia e socialismo. Moza que, inequívocamente Laura, é derrubada en terra, é trepada na cara por unha muller de ollada malvada e cobizosa<sup>9</sup>.

No conto “Episodio de caza” contrapóñense dous mundos distantes e distintos: o dos homes vencellados na preguerra ao Seminario de Estudos Galegos e á Federación Universitaria Escolar Galega, por unha banda, e, pola outra, o dos integrantes da guerrilla antifranquista. O relato é unha afervoadada loubanza do Exército Guerrilleiro de Galicia e un reproche dirixido contra o galeguismo histórico por non ter participado nesa loita frontal coa dictadura. A contraposición destas dúas actitudes faise patente a través dun monólogo en segunda persoa no que agroma por momentos o outro eu, inconformista e revolucionario, agachado na mala conciencia, dun intelectual burgués acobillado na súa mesa de traballo no Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”:

(...) pensas que os nacionalistas galegos tiñan que estar eiquí, debruzarse na guerrilla coma quen se baixa a beber na fonte limpa, saír de cubículos e tobos de resistencia platónica, entrar na loita, robustecer as posturas de Seoane e Gayoso, marxistas e galeguistas nunha peza (...) <sup>10</sup>.

Mais, a través sempre do pensamento dese integrante do galeguismo culturalista, a denuncia vaise tinguido de pesimismo e deixa paso a un fondo sentimento de dor por Galicia que é reproche á falla de ímpeto revolucionario:

(...) por qué non estaremos nós feitos de ferro, non seremos homes de dirixir e incorporar a loita guerrilleira, por qué os nacionalistas, por qué os galeguistas iremos sempre derradeiros na decisión e na política <sup>11</sup>.

Por último, se facemos a lectura política apuntada polo autor no “Epílogo” do libro, a parábola kafkiana “Animal” convértese nunha réplica das ficcións

8. O traballo de Alberto Moreiras, “Ruptura da referencia e práctica política en *Morrer en Laura*”, *Grial*, nº 94, 1986, analiza, a propósito deste relato, as posibilidades dunha literatura de imaxinación que polarice ideoloxicamente a historia como práctica política emancipatoria.

9. X.L. Méndez Ferrín, *Crónica de nós, cút.*, p. 61.

10. *Ibid.*, p. 69.

11. *Ibid.*, p. 70.

antiestalinistas do autor británico George Orwell. Entre as alusións que remiten a esta interpretación, podemos sinalar o propio título, parodia do orwelliano *Granxa animal* (1945), xunto ás devanditas palabras do “Epílogo” referentes á sátira *1984* (1949) contra o totalitarismo de estado: “1985 do cabirto do trotskista que xa sabemos todos”<sup>12</sup>. Por outra parte, o ambiente inglés do relato, ubicado en Oxford, xunto á presenza dos métodos represivos de vixilancia e castigo, e ao lado de detalles como o aspecto de simpatizante da IV Internacional que ten un dos torturadores, contribúe, co devandito, ao escarnio persoal do escritor que fora, antes da súa militancia esquerdista, oficial de policía en Birmania. Mais, por encima de todo, sobresaie a lectura antitrotskista, e polo tanto comunista ortodoxa ou prosoviética, do conto.

Tal como vimos, nas citadas narracións hai moito eco da propia traxectoria política do autor, desde a súa militancia e disidencia na primitiva U.P.G. ata a fundación da nova U.P.G.-I.p. Así mesmo, tamén encontramos algunhas das súas teimas máis persoais, como o firme aliñamento prosoviético, ou algúns dos seus temas máis queridos, como a guerrilla. Todo isto ben confirmar o feito, xa sinalado, da raíz íntima da literatura política de Ferrín. E, por suposto, íntima non quere dicir autobiográfica, senón autenticamente sentida, aínda que poda haber tamén vivencias literaturizadas<sup>13</sup>.

En consecuencia, este carácter persoal das creacións é algo moito máis esencial que unha nota temática baseada na biografía ou na psicoloxía do autor. Na narrativa ferriniana literatura e política confúndense e identifícanse, como no propio Ferrín se confunden e identifican vida e política. Así, de maneira natural, a súa vida política faise materia literaria, ata tal punto que hai momentos en que resulta practicamente imposible tracear os límites entre unha e outra.

Neste sentido, nos relatos combativos que acabamos de ver non resulta doado sinalar onde empeza o político e onde o creador, pois o xogo de ambigüidades aniña no fondo das palabras. Da mesma maneira, a distancia entre esta literatura de urxencia e os escritos propiamente políticos, ás veces, faise mínima, aproximándose, ata identificarse, a ficción literaria e o texto panfletario. Isto é o que ocorre, naturalmente, en boa parte da literatura xornalística do autor, como na serie de Dosinda Areses ou a na titulada “Segunda feira”<sup>14</sup>. Pero o que resulta máis significativo é que esa dualidade tamén se dea en escritos estrictamente políticos. En efecto, hai tan só unha pequena diferenza de grao entre calquera dos relatos devanditos e algún dos textos políticos do autor. E así como fixemos lecturas políticas deses contos, igualmente podemos ler algunhas proclamas como se se tratase de auténticas creacións artísticas. É o caso, por exemplo, do “Chamamento aos compañeiros da U.P.G. e a tódolos comunistas de militancia nacional-popular galega” (1976), tamén coñecido como “Os dezaseis folios”. Neste escrito desenvólvese o tema da centralización irracional do poder, a través da crítica ao absolutismo dos dirixentes da U.P.G. por aquelas datas, aos que chama “coroneis”, e, en realidade, o conto do mesmo tema, “Odiado Amado”, pode verse como unha segunda literaturización destes dezaseis folios.

12. *Ibid.*, p. 133.

13. A propósito dun texto poético, o autor deixa claro o carácter da autenticidade na súa creación. Vid: Salgado / Casado, *op. cit.*, 240.

14. Seccións do escritor en *La Hoja del Lunes* de Vigo e no *Faro de Vigo*, respectivamente.

Efectivamente, nese proceso literaturizador, o autor simplificaría anécdotas e feitos políticos concretos, crearía a figura máis personalizada de Amado Noia como un sincretismo de todos os coroneis, daríalle ao relato unha maior carga subxectiva e íntima mediante a forma epistolar, e posibilitaría unha lectura máis complexa e polivalente gracias á ambigüidade do final borgeano que converte o diálogo en monólogo e fai estoupar o paradoxo.

O achegamento entre vida e literatura no terreo político vese posibilitado pola preocupación estética que as envolve a ambas. No caso da literatura é un feito lóxico e evidente, pero non se pode esquecer tampouco a dimensión estética que Ferrín lle deu á súa vida política. Esta dimensión impregna toda a súa actividade cívica dentro do nacionalismo radical, do que foi principal promotor na postguerra e co que continua comprometido na actualidade. A estética está presente en actividades colectivas que van desde a fundación de grupos e partidos políticos, como a U.P.G., a U.P.G.-I.p., o Partido Galego do Proletariado (1978) ou a organización de liberación nacional "Galicia Ceibe", ata a militancia e disidencia en ditas organizacións, pasando pola elaboración de proclamas, consignas e panfletos ou pola creación de revistas, como *Terra e tempo* ou *Espiral*.

Nestas actividades, ética e estética xúntanse e combínanse potenciándose unha á outra. Mais de entre tódolos feitos políticos cómpre destacar aquí, por formar parte da vida cultural, o rechazo do Premio de Creación Literaria "Álvaro Cunqueiro", promovido pola Xunta de Galicia e que lle foi concedido en 1984, o mesmo ano da instauración. Podemos recoñecer nesta actitude crítica a lección aprendida en Jean-Paul Sartre, un dos escritores con quen sería máis doado identificar ao noso autor, se nos fixamos no esencial das súas actitudes cívicas. O pensador francés rexeitara o Premio Nobel, que lle fora concedido en 1964, para desenmascarar así o carácter político de ditos galardóns. O xesto sartreano de Ferrín vén ser unha chamada á coherencia persoal e política, fronte ao abandono dos principios revolucionarios ou da integridade ideolóxica. Na declaración entregada á prensa, na que o autor explicaba a súa postura, hai unha crítica do reaccionarismo e do caciquismo da política da Xunta e do partido conservador que a dirixía nese momento. Fica ben evidente, pois, a explosiva carga ética e estética que contén o ademán de lle dar as costas a dous millóns de pesetas por manter a consecuencia entre pensamento e acción.

Podemos falar, logo, da importancia da *literaturización da política* tanto no terreo extraliterario como no estrictamente literario, xa que a dimensión estético-creativa está moi presente en ambos. E, da mesma maneira, podemos afirmar que, como ética e estética se xuntan na vida, únense na obra política e literatura, creación e liberación, escritura e revolución, posto que en Ferrín escrita e revolución, revolución e escrita conflúen e confúndense, enriquecéndose mutuamente nun protéico intercambio de significados.

Polo que respecta á prosa de ficción, esta confluencia fai que encaixe, salvando as distancias artísticas, co xénero ao que o estruturalista Philippe Sollers denominou *narrativa vermella*. Na súa novela *Números* experimenta ese *relato vermello*, que fica definido, así, como un relato no que a escrita e a revolución fan causa común, dándose unha á outra a súa carga significativa. Estamos, pois, para dicilo traducindo as propias palabras do escritor francés, ante unha narrativa que leva ao

mesmo tempo a cor do sangue e do único partido posible na historia actual<sup>15</sup>. Aínda que esta última idea relativa ao comunismo xa non sería hoxe asinada por Sollers, intelectual do grupo que xiraba en torno á revista *Tel Quel* e que foi seguindo as distintas modas ideolóxicas dictadas polos tempos: comunismo soviético, maoísmo, postura pro-USA... Mais dita implicación ideolóxica si sería asumida por Ferrín, quen, mesmo nos anos da perestroika e da liquidación do comunismo, continúa manténdose no seu vello marxismo-leninismo. Por esta razón retomamos a fórmula do estruturalista *relato vermello* para caracterizar a narrativa ferriniana, en boa parte tinguida, sempre desde o fondo, desa cor revolucionaria.

Igual, pois, que no xénero bermello, este fenómeno da interferencia entre escritura e revolución presenta no noso autor dous aspectos: a escritura da revolución e a revolución da escritura. Por unha banda, o que chamamos a *escritura da revolución* condúcenos ao significado, ao contido de liberación que se acocha nesa prosa. Pola outra, a *revolución da escritura* fai referencia sobre todo ao significante, á renovación que conleva, de signo ben distinto ao relato sollersiano, posto que o escritor ourensán combina tradición e vangarda.

Se ambas dimensións poden rastrexarse ao longo de toda a obra, a *revolución da escritura* parece predominar nas pezas publicadas na súa primeira etapa evolutiva (1958-1964), mentres que na segunda (1971-1980) faise máis evidente a *escritura da revolución*, e na última xeira (a partir de 1982) prodúcese unha maior dosificación e interferencia de ámbalas dúas actitudes<sup>16</sup>.

## Escritura da Revolución

En torno ao tema da revolución xira unha das claves fundamentais da narrativa ferriniana, precisamente por ser a faceta política consustancial á vida do autor. Neste sentido, tal como vimos, os límites entre a vida e a obra, entre a política e a escrita son imposibles de establecer, e o motivo revolucionario, coma outros, flúe con naturalidade da experiencia á creación. O mesmo escritor así o testemuña: "Respeito ao escritor e ao político: ¿ónde empeza cada quén? Penso que non se pode separar unha cousa da outra"<sup>17</sup>.

Esta dimensión cívica, aínda que presente outras variantes -que non analizaremos agora-, maniféstase de maneira especial en dous fenómenos: o carácter de proxecto político que ten todo o conxunto narrativo e o cultivo do que podemos denominar xénero de ficción política.

## O proxecto político

Vimos xa como o inicio de Ferrín na escritura foi un inicio político, de maneira que a propia existencia desa creación literaria é un aspecto máis da súa actividade cívica<sup>18</sup>.

15. Cfr. Philippe Sollers, *Nombres*, París, 1968, pp. 37, 79, 104 e 108; Julia Kristeva, *Semiótica 2*, Madrid, 1978, pp. 187-190.

16. Para unha caracterización máis completa do conxunto narrativo e das etapas evolutivas de Ferrín, Vid. Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, "Introducción" a X. L. Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989.

Por outra parte, o conxunto narrativo do autor conforma un cosmos autorreferencial, dotado dunha profunda dimensión estética e conceptual de base fundamentalmente política. Esta construción xira en torno ao país mítico de Tagen Ata, arquetipo dunha nación oprimida que é imaxe múltiple de diversidades como Galicia ou mesmo o mundo<sup>19</sup>. Dita unidade de fondo evidencia, sen lugar á dúbida, un proxecto político global que aparece apuntado máis ou menos implicitamente na súa primeira etapa evolutiva, para ser confirmado de maneira explícita a partir da segunda xeira e corroborado de xeito definitivo na terceira, nun proceso de progresiva imbricación intertextual do microtexto en distintos macrotextos literarios e políticos, tanto propios coma alleos<sup>20</sup>.

No "Aviso I", introductorio de *Elipsis e outras sombras* (1974), o autor deixa ben clara esa globalidade política da súa *narrativa vermella*. As súas palabras falan do aspecto totalizador e borgeano, á vez que materialista dialéctico, dunha prosa obsesionada pola liberación e inmersa na nostalgia:

Este libríño é apenas fragmento do libro que despaciosamente escribo dende unha tarde fría de 1955 na que se me revelou a vía que conduce a certa literatura nostálgica e materialista, apuntada cara a un futuro noso, de pólvora e cristais liberados<sup>21</sup>.

En *Crónica de nós* volta repetir a mesma idea, agora cunha inequívoca concreción política, cando di que neses contos "Por riba de todo aletexa -é obvio- a tentación dunha imposíbel crónica lírica do mundo que nos dou a besta burguesa e viva Galicia independente e socialista"<sup>22</sup>.

De igual maneira, nunha nota de autor posta á cabeceira da segunda edición de *O crepúsculo e as formigas* (1982) aparece aludido o mesmo ideal revolucionario socialista e independentista, remontándoo aos existenciais anos cincuenta do grupo Brais Pinto:

Sabíamos, e isto é o que nos salvaba, que o centro estaba nun home librado e nunha Galicia independente. Ceibe, librado, desalleado, independente, socialista: todo, todo, todo<sup>23</sup>.

## O xénero de ficción política

Deste soño da literatura como camiño de liberación parte a inspiración do seu particular xénero de ficción política que abrangue boa parte da narrativa ferriniana.

---

17. Freixanes, *op. cit.*, p. 234.

18. Igual que llo expuxera nos anos setenta a Freixanes, volve a confirmarllelo a fins dos oitenta a Salgado / Casado. Cfr. *op. cit.*, pp. 57-58.

19. Sonsoles López, na "Introducción" a X. L. Méndez Ferrín, *Contos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1988, apunta o desenvolvemento deste mundo mítico ferriniano, ao tempo que ofrece certas precisións con respecto ao espazo da Galicia real ou soñada no que se ubica.

20. Ferrín fala do carácter consciente desta intertextualidade e quere filiala nunha vivencia moi particular do mundo de William Faulkner. Cfr. Salgado / Casado, *op. cit.*, 215-216.

21. X. L. Ferrín, *Elipsis e outras sombras*, Vigo: Galaxia, 1974, p. 7.

22. *Idem*, *Crónica de nós*, *op. cit.*, p. 133.

23. *Idem*, *O crepúsculo e as formigas*, 2ª ed., Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982, p. 8.

Se ben dito xénero iníciase propiamente coa publicación da novela curta *Retorno a Tagen Ata*, en 1971, podemos rastrexalo xa desde o seu primeiro libro de relatos, *Percival e outras historias* (1958), e seguilo ata a súa última obra polo momento, a novela *Breña, Esmeraldina* (1987).

Ao comenzo da primeira etapa narrativa, en *Percival e outras historias*, podemos atopar xa parábolas políticas construídas ao xeito do absurdo kafkiano ou mediante a recreación mítica de orixe céltica, nórdica e centroeuropea. Así, encontramos un desenvolvemento parabólico dos temas da dialéctica *opresión - liberación* e da asoballadora urdime do poder en contos coma "O asesino", "O verdugo", "O dique de area" e "Philoctetes". Por outra parte, o episodio de "A loita no chao", da segunda saída do cabaleiro, no conto que dá título ao libro, podería interpretarse como unha momentánea parábola sobre o entendemento entre opresor e oprimido.

O resto dos relatos simbólico-fantásticos do libro devandito, igual que "Duas cartas a Lou" de *O crepúsculo e as formigas* (1961) e a novela obxectalista *Arrabaldo do norte* (1964), fican fóra da ficción política, aínda que *a posteriori* o propio autor lles dará esa dimensión a través das citas auto-referenciais. Pois é máis tarde, na súa segunda etapa, cando Ferrín inicia propiamente o xénero, coa creación do persoal mundo mítico de Tagen Ata, no que irá encaixando os microcosmos simbólicos anteriores, presentes en *Percival e Arrabaldo*<sup>24</sup>. En efecto, na alxebraica ficción de *Retorno a Tagen Ata* estamos xa ante a sátira histórica propia da ficción política ferriniana, que o propio autor filia en Swift.

Este xénero xa perfectamente conformado, continúa desenvolvéndose, agora cunha grande dose de borgeanismo e unha maior abstracción, na maioría dos relatos de *Elipsis e outras sombras* (1974) que crean novos universos míticos distintos de Tagen Ata pero emparentados con el na distancia. Nos contos titulados "Elipsis", "Partisán 4", "Esplosión" e "Laberinto"<sup>25</sup> aparece o home envolto na engrenaxe do poder, a voltas co tema do traidor e do heroe, e sempre á procura dun pequeno resquicio de saída á esperanza. Así mesmo, "Ela, boomerang" e "O delito" presentan a problemática persoal e amorosa nunha sociedade comunal, o primeiro, e o control que o poder establecido exerce na vida cotiá e nas relacións entre os sexos, o segundo.

A novela realista *Antón e os inocentes* (1976) participa da temática política pero desde fóra do xénero de ficción que vimos analizando, aínda que, por un momento, se deixa paso á dimensión fantástica, a través da imaxinación dun personaxe (Narda), e entón aparece unha alusión a Terra Ancha, o país opresor de Tagen Ata<sup>26</sup>.

Na mesma liña de *Elipsis*, só que cunha maior concreción e con máis claras alusións a feitos e personaxes históricos, sitúanse a meirande parte dos relatos de

24. Ademais de *Percival* e do propio *Arrabaldo do Norte*, dos libros homónimos, aparecen os personaxes do doctor Kleines, de Natalia Olsen e o seu home, de Ano Jhosko e de Nadrón, os tres primeiros de *Arrabaldo* e os dous últimos de *Percival*.

25. Na miña análise estrutural do conto pódense apreciar algúns dos rasgos básicos do xénero de ficción política ferriniano, tal como se manifestan en dito relato. Vid. Carmen Blanco, "Análise estrutural do relato "Laberinto" de Méndez Ferrín", *Grial*, nº 71, Vigo, 1981.

26. Xosé Luís Méndez Ferrín, *Antón e os inocentes*, Monforte de Lemos, 1976, p. 83.

*Crónica de nós*, que participan, de maneira puntual, do universo de Tagen Ata, menos que de Galicia ou outros mundos simbólicos<sup>27</sup>. De feito a temática é moi próxima á do anterior libro de relatos, pois “Odiado amado”, “Morrer en Laura”, “Episodio de caza” e “Animal” tratan, respectivamente, os temas da paixón estalinista, da “falange” e o galeguismo reaccionario fronte ao nacionalismo independentista, do galeguismo cultural en contraposición coa guerrilla antifranquista, e do anti-utopismo trotskista. Mesmo o conto “Sibila” conecta co xénero que estamos analizando e co estilo das devanditas narracións do libro, a través do seu xogo de ficción-histórica, que nos conduce pola Compostela da vangardista xeración do 25 ata chegar aos tempos escuros da segunda guerra mundial. De tódolos xeitos, o desenvolvemento mítico-fantástico do tema central entronca este relato co mundo máxico de *Elipsis*, do primeiro *Percival* ou de certas creacións posteriores.

É precisamente durante a terceira etapa narrativa cando o xénero de ficción política volve a aquela máis rebordante fantasía do primeiro libro de relatos e tinguéuse dunha maior nostalxia do pasado. Nesta nova xeira amplíase e enriquecese o universo de Tagen Ata con múltiples e diversos mundos míticos ensarillados nel. Será este un período marcado por unha literatura fantástica moi de seu, baseada nun xogo de múltiples intertextualidades que apela a tradicións varias que van desde a mitoloxía celta ás novelas de aventuras.

*Amor de Artur* (1982), no comenzo da terceira etapa, inicia os pasos desa particular literatura fantástica que ten sempre a Tagen Ata no seu centro ou no seu fondo, tal coma indica o título completo do libro: *Amor de Artur e novos contos con Tagen Ata ao lonxe*<sup>28</sup>. O relato que dá nome á obra a penas linda o xénero da ficción política polas alusións a Tagen Ata, a través do encantador Roebek, xa que o no da narración radica na recreación do mito amoroso artúrico, ao que se ensarillan outras referencias míticas de raíces celtas máis antigas, como as relativas ao deus Dagda ou aos Tuatha De Danann. “Fría Hortensia” céntrase máis de cheo en Tagen Ata e, como o anterior, na reinvención mítica, pois o conto combina o realismo nostálxico dun verán en Vilanova dos Infantes coa fantasía das historias relatadas pola figura da vella sabia do título; precisamente, a través das palabras de Fría Hortensia, o autor crea, mediante sincretismo mítico, o mesto pasado épico de Tagen Ata no que aparece outro mundo arquetípico galaico, o da orixinaria A Nosa Terra. “Familia de agrimensores” presenta tamén, paralelamente, a Galicia e Tagen Ata, mesturando a vida na postguerra ourensá coa ficción histórica tagenatiana; desta maneira, asistimos a distintos momentos do pasado de Tagen Ata, especialmente no que atinxe á minoría de orixe oriental dos Kleines e os Olsen, a través da cal se nos mostran os enfrontamentos entre o liberalismo azerrata e o ultranacionalismo xenófobo apoiado por Terra Ancha. “Calidade e dureza” transcorre de cheo nunha Tagen Ata liberada da opresión de Terra Ancha e na que florecen os estudos humanísticos; neste contexto, a profesora Els Bri, da universidade “Rotbaf Luden”, reconstrúe a vida e o mundo exótico do escritor Seida

27. En “Odiado Amado” están presentes, por exemplo, Kleines, Natalia, Ulm Roan e a Irmandade (de Tagen Ata).

28. Anxo Tarrío Varela, en “As mitoloxías literarias” (*La Voz de Galicia*, 25-3-1982), incluído en *De letras e de signos*, Vigo, 1987, sinala a complexidade pluridimensional da escrita ferriniana de *Amor de Artur*, e, en “A semántica difuminada de Méndez Ferrín” (*Grial*, nº 81, 1983), insiste na importancia da autonomía verbal e da ambigüidade en boa parte da literatura do autor.

Sokoara, dando así lugar á creación doutro mundo mítico, o do Imperio de Lamko, no que se deixa ver toda a paixón ferriniana pola ficción histórica e pola espiral do xogo metaliterario. Finalmente, "Extinción dos contactos" sitúase no universo musical anglófilo, pero, a través da figura ambigua de Arabella, procedente do exilio colonial de Anafí, está sempre presente Tagen Ata como un paraíso imposible.

A novela iniciática *Arnoia, Arnoia* (1985) participa claramente do xénero de ficción política e do universo de Tagen Ata. Pero ademais, neste caso, a narración no seu conxunto ten, entre outras moitas, unha lectura política en pro da insumisión, da liberdade e do amor á nación propia. E, por outra parte, o capítulo IV, "Ronaldo Macsen", é unha peza perfecta do xénero na que se recrean asimilativamente elementos tomados da etnografía, da entomoloxía, da ciencia ficción, da literatura e do cine fantásticos e da narrativa social; de maneira que o mundo subterráneo de Luou Gris é unha construción na que resoan outros mundos simbólicos como os de *Metrópolis*, *Un mundo feliz*, 1984 ou do propio "Laberinto" ferriniano.

*Breña, Esmeraldina* alterna a realidade represiva de Tagen Ata co complexo universo imaxinativo asociado a Breña, ao amor e á liberación. A obra ten o seu centro na Prisión do Príncipe de Tagen Ata e mostra o laberíntico sistema de vixilancia e castigo despregado polo poder tagenatiano, que chega mesmo a envolver o contrapoder<sup>29</sup>. Pero a novela vai máis alá, converténdose nun alef político, posto que o cárcere é un microcosmos, metáfora foucaultiana do mundo e anagrama, por tanto, das férreas estruturas sociais que impiden a libre realización dos seres humanos.

*Carmen Blanco*  
Universidade de Santiago de Compostela  
Campus de Lugo

---

29. Para unha análise máis pormenorizada da novela, incluído o seu aspecto político, Vid. Carmen Blanco, "Méndez Ferrín o el poder de la imaginación" (*Insula*, nº 493, 1987).